

Fonte: 2024_Contas anuais

Período medio de pagamento

Indica o tempo medio que a entidade tarda en pagar aos seus acredores derivados da execución do orzamento.

Segundo se establece no Real Decreto 635/ 2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiación, previstos na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira, o período de pago non pode superar os 30 días.

A nova metodoloxía para o cálculo e remisión á Xunta de Galicia establece o cálculo do período medio de pago mes a mes.

Durante o exercicio 2024, o período medio de pago da Universidade oscilou entre os 9 días (en novembro) e os 28 días (decembro). Con todo, este último dato non é representativo, xa que foi debido a problemas con algunha factura concreta de elevado importe. No resto de meses, o período medio de pago estivo entre os 11 e 15 días.

Con todo, e no mesmo informe das Contas anuais 2024, no apartado de *Sostibilidade financeira*, indícase o seguinte:

*O período medio de pago da débeda comercial da Universidade de Vigo, conforme aos criterios establecidos no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a empresas proveedoras das Administracións Públicas, é de **14,74 días**, moi inferior, por tanto, ao máximo permitido pola lei de 30 días.*